



BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA EVENTOS E ACTIVIDADES CULTURAIS MEDIANTE LIBRE CONCORRENCIA COMPETITIVA CONCELLO DE CEE 2024.

1. Finalidade e obxecto.

O obxecto desta convocatoria é a promoción e impulso de eventos e actividades culturais e contribuír para que acaden os obxectivos que lles son propios, fomentar a participación da cidadanía en cada ámbito de actuación, contribuíndo de este xeito a impulsar a democratización da sociedade, e fomentando a defensa dos valores de igualdade de xénero, e a linguaxe inclusiva.

2. Beneficiarios.

Entidades privadas sen ánimo de lucro, concretamente as asociacións legalmente constituídas, inscritas no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e no Rexistro Municipal de Asociacións, ter o seu domicilio social e desenvolver as súas actividades no Concello de Cee.

3. Crédito orzamentario.

No Orzamento Municipal para o ano 2024 aprobouse, polo Pleno Municipal, a partida orzamentaria 330/489.01 cunha consignación de 20.100 €.

4. Requisitos para solicitar a subvención.

Entidades privadas sen ánimo de lucro, asociacións legalmente constituídas, que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar inscritas no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e no Rexistro Municipal de Asociacións no momento da solicitude.
- Ter o domicilio social e desenvolver as súas actividades no termo municipal de Cee.
- Os eventos e actividades a realizar deberán ter obxectivos e finalidades culturais.
- Non ter pendente de xustificación ningunha subvención ou axuda perante o Concello de Cee para o mesmo obxecto para o que se solicita subvención, e no caso de non xustificar a totalidade do importe concedido renunciarase á parte restante.
- Estar ao día nas súas obrigas tributarias (ATRIGA, AEAT, Seguridade Social e Concello).
- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

5. Solicitudes

As solicitudes formalizaranse nos anexos e documentación complementaria aos que se poderá acceder na sede electrónica municipal.

<https://sede.cee.gal/sxc/es/procedimientosytramites/index.html#subvenciones>



- **Anexo 1.** Solicitud de subvención.
- **Anexo 2.** Declaración indicando os eventos e actividades organizadas pola entidade.
- **Anexo 3.** Declaración indicando a colaboración da entidade nos eventos organizados polo Concello de Cee.
- **Anexo 4.** Declaración número de socios e monitores da entidade.

A comprobación da existencia de datos non axustados á realidade, tanto na solicitude coma na documentación achegada, poderá comportar, en función da súa importancia, a denegación da axuda ou subvención solicitada ou reintegro, sen prexuízo das restantes responsabilidades que se deducisen.

6. Lugar e prazo de presentación de solicitudes.

6.1. As solicitudes presentaranse no rexistro xeral do Concello de Cee en horario de 9:00 a 13:30 horas de luns a venres, ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións.

6.2. Aprobada a convocatoria, deberá presentarse na BDNS, seguindo o procedemento establecido ao efecto no artigo 20.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, desenvolvido no artigo 6 do Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo.

Inmediatamente antes da publicación no oportuno diario oficial, deberá rexistrarse a información a incluír na BDNS polos medios electrónicos que esta proporcione, acompañada do texto da convocatoria e do seu extracto.

Tras rexistrar a información, a BDNS porá o extracto da convocatoria a disposición do Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación. A eficacia da convocatoria producirase coa publicación do extracto no diario oficial.

A BDNS publicará a convocatoria no seu sitio web unha vez que poña a disposición do diario oficial o extracto correspondente ou inmediatamente que reciba a información no resto de casos.

Calquera modificación da convocatoria xurdida con posterioridade ao seu rexistro na BDNS deberá ser tramitada nos mesmos termos previstos para as convocatorias; a BDNS mostrará publicamente o texto de cada convocatoria e as súas modificacións posteriores.

O diario oficial será o que a estes efectos indique o órgano convocante. Na publicación do extracto deberá constar o código de identificación que asigne a BDNS á convocatoria. O extracto non poderá conter información que non sexa recollida no texto da convocatoria.

O órgano responsable de fornecer a información necesaria para a correcta publicación será a Intervención ou o órgano que a estes efectos sexa designado pola Corporación.

6.3. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do extracto no Boletín Oficial da Coruña. Para este efecto, entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da



publicación. Se o último día de prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houbera día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro día do mes.

7. Comisión avaliadora.

A valoración das solicitudes e documentación achegada se efectuará por unha Comisión Avaliadora composta por:

- Presidente: Víctor Manuel Castiñeira Castro (técnico de xestión-Cultura) ou funcionario/persoal laboral en quen delegue.
- Secretario: Juan Carlos Santabaya Louzán (técnico local de emprego) ou funcionario/persoal laboral en quen delegue.
- Vogal: Manuel Calo Canosa (técnico de deportes) ou funcionario/persoal laboral en quen delegue.

8. Gastos subvencionables e criterios de avaliación.

As subvencións ás entidades irán destinadas á realización de eventos e actividades culturais.

Para maior concreción, considerarase:

EVENTO: todo tipo de actuación artística ou cultural aberta a toda a poboación, incluíndo as festas de carácter gastronómico de interese para o Concello que congreguen a máis de 500 persoas. Non se inclúen neste tipo as xuntanzas meramente veciñais ou dos asociados. A duración do evento, como máximo, non deberá superar os tres días de duración.

ACTIVIDADE: todo aquilo do que se beneficia principalmente a entidade e os seus membros e/ou asociados. Como poden ser as clases, cursos, obradoiros, e que non teñan unha duración inferior aos cinco días.

8.1. Gastos sufragables.

Son aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada.

- Gastos de persoal con contrato laboral coa entidade solicitante necesario para a realización e desenvolvemento da actividade obxecto de subvención e durante a duración da mesma.

Aclaracións sobre os gastos de persoal (profesores, monitores, etc.)

a. As retribucións a persoal técnico e do/as monitor/as que teñan relación laboral ou de arrendamento e servizos coa entidade, acreditaranse mediante facturas ou nóminas. Só se admitirá minuta cando reflecta a correspondente retención do IRPF, e a repercusión do IVE.

b. Os gastos correspondentes a conferenciantes ou monitor/as que colaboren coa entidade impartindo algunha actividade, curso, etc, de forma esporádica, poderán



xustificarse presentando un recibo ou minuta que contará cos datos identificativos tanto da entidade como do monitor, coa cantidade que recibe e a correspondente retención de IRPF, xunto co concepto polo que se paga.

- Gastos de seguros para o desenvolvemento da actividade para a que se solicita a axuda: responsabilidade civil e, se fose o caso, de cobertura de accidentes da actividade.
- Gastos de transporte para a realización de intercambios ou actuacións culturais: os gastos de transporte serán subvencionables no caso de ter contratado a un terceiro (autocar, furgonetas...).
- Gastos de publicidade da actividade para a que se solicita a subvención.
- Gastos de alugueiro de megafonía, son, iluminación e infraestruturas imprescindibles e necesarios para o desenvolvemento da actividade para a que se solicita a axuda, debidamente acreditados.
- Gastos para o desenvolvemento de actuacións culturais: alugueiros de palcos, carpas, tarimas, material de oficina, monitores/as das actividades e actuacións de carácter cultural, etc.
- Gastos de cursos, charlas e obradoiros de natureza cultural (honorarios).
- Gastos de organización: empresas organizadoras e actividades e gastos correntes da entidade destinados á execución das actividades para as que se solicita a subvención.
- Outros gastos similares aplicados directamente á organización o execución dos eventos e actividades.
- Gastos derivados da COVID-19: adquisición de máscaras, luvas, xeles hidroalcohólicos, tests de detección, produtos de limpeza/desinfección e outros derivados da implementación de medidas de seguridade e prevención.

8.2. Gastos non sufragables.

Son aqueles que non respondan á natureza da actividade subvencionada.

- Os gastos de comida e bebidas.
- Os gastos correntes para actividades de carácter social, deportivo, tempo libre, promoción económica e/ou relacionadas coa saúde.
- Actividades formativas non vinculadas directamente a contidos artísticos, patrimoniais, culturais ou etnográficos.
- Non se financiarán bens de inversión.

8.3. Criterios de Valoración.

a. Criterios xerais.

A concesión das subvencións corresponde, previo informe técnico, á Alcaldía-Presidencia.

A cantidade ou importe máximo a percibir por unha mesma entidade será de 2.000 €. Esta subvención é compatible con outras axudas de entidades públicas ou privadas, agás as subvencións nominativas concedidas polo Concello de Cee. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o custo da actividade xustificada polo beneficiario.



b. Criterios específicos.

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase unha vez considerados os eventos e as actividades que se vaian realizar, tendo en conta os seguintes criterios cunha valoración máxima de **100 puntos**.

b.1. Relacionado coa entidade solicitante: ata **20 puntos**.

Antigüidade (a data que se terá en conta será a de inscrición no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia a razón de 0,5 puntos por cada ano).	Máximo: 10 puntos
Número de socios: 0,05 puntos por cada socio.	Máximo: 10 puntos

b.2. Relacionado cos eventos e actividades: ata **65 puntos**.

Eventos: 10 puntos por cada evento organizado pola entidade.	Máximo:30 puntos
Actividades: 1,25 puntos por cada actividade organizada pola entidade.	Máximo:5 puntos
Número de profesores/as ou monitores/as: valorarase a razón de 5 puntos cada profesor ou monitor que imparta unha actividade dun mínimo de 30 horas de duración.	Máximo:10 puntos
Número de alumnos/as: valorarase a razón de 0,5 puntos por cada alumno participante nas actividades que teñan un mínimo de 30 horas de duración.	Máximo:10 puntos
Número de edicións de eventos relevantes para a promoción da cultura celebrados pola entidade no Concello de Cee: valorarase a razón de 0,4 puntos por edición.	Máximo:10 puntos

b.3. Colaboración por parte da entidade solicitante e n eventos organizados polo Concello de Cee: ata **15 puntos**.

Valorarase a colaboración da entidade en eventos organizados polo Concello, tales como o Entroido, Letras Galegas, Verán, Outono Cultural e Nadal. Cada colaboración comprometida valorarase con 7,5 puntos.	Máximo:15 puntos
--	------------------

Neste criterio a entidade deberá indicar no Anexo 3, o compromiso de colaboración nos diferentes eventos organizados polo Concello de Cee: nome do evento, modo no que prestarán a colaboración, etc. (por exemplo, unha actuación musical, unha actuación de baile, etc.).

O incumprimento da previsión de eventos e actividades culturais a organizar e colaborar presentados na solicitude, dará lugar a unha redución no importe da subvención dun 20%.

9. Procedemento de avaliación de solicitudes.

A efectos de asignar os fondos realizarase a comparación das solicitudes presentadas, co fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios sinalados no artigo anterior, propoñendo a adxudicación da subvención a aquelas que tiveran maior valoración, sen exceder, en ningún caso, o importe da dotación orzamentaria fixada nestas bases.

A comisión avaliadora redactará unha acta puntuando as solicitudes de acordo cos criterios enumerados nas bases e propoñendo un importe a subvencionar.

10. Acordo de concesión e notificación.

Elaborada a proposta de concesión pola comisión técnica, darase traslado á Intervención a efectos da súa fiscalización previo acordo de concesión.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.



11. Obrigas dos beneficiarios.

Os beneficiarios, unha vez aceptada a subvención, están obrigados a:

a. Realizar os eventos e actividades propostas. Os cambios deberán comunicarse previamente á súa xustificación para seren admitidos.

b. Presentar as contas xustificativas e destinar as axudas aos fins para os que se concederon e acreditar perante o Concello o cumprimento da finalidade proposta.

c. Comunicarlle ao Concello a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade que procedan doutras administracións e/ou entes públicos ou privados.

d. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e. Facer constar a colaboración do Concello de Cee en calquera comunicación ou publicación dos eventos e actividades desenvolvidas así como a información ou material de promoción cultural da entidade (para a actividade subvencionada) tendo que incluír o logotipo do Concello de Cee (*carteis, impresos, anuncios, soportes electrónicos e audiovisuais, etc.*)

f. Incorporar, con carácter xeral, a transversalidade de xénero a través do emprego dunha linguaxe non sexista e inclusiva, elaborar materiais que fomenten a igualdade, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.

g. No caso de que algún dos eventos e actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, de conformidade co disposto no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil.

12. Xustificación e pagamento.

12.1 Consideracións xerais.

A documentación presentárase no rexistro xeral do Concello de Cee en horario de 9:00 a 13:30 horas de luns a venres, ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións.

Consonte ao artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos



como beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa se entenderá tacitamente aceptada.

No caso de que o gasto subvencionable que se xustifique:

- Sexa igual ou superior ao importe concedido, aboarase o 100% da subvención.
- Sexa inferior ao importe concedido, fixado como límite o 50%, aboarase unicamente o gasto xustificado, véndose minorada a cantidade a percibir.
- Sexa inferior ao 50%, no se considerará cumprida a finalidade básica da subvención polo que non se aboará cantidade algunha.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, en todo caso a obtención concorrente de subvención doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

O importe das subvencións concedidas en ningún caso poderá ser de tal contía que en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou entidades privadas supere o custo da actividade que desempeñe o beneficiario.

12.2. Prazo de xustificación.

O prazo de presentación dos xustificantes rematará o **15 de outubro de 2024**, se ben antes de rematar o prazo, poderase ampliar por solicitude do interesado ou por proposta razoada da unidade xestora. No caso de que o interesado solicite unha prórroga téñense que razoar os motivos e realizarse por escrito antes da data sinalada.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido (inicial ou prorrogado), comportará a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de Subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á lei, correspondan.

En calquera caso, o 31 de decembro de 2024, anularanse automaticamente todas as axudas pendentes de xustificación ou sen concesión de prórroga.

O Concello reserva o dereito de comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta, quedando o beneficiario obrigado a facilitar canta información sexa requirida polo responsable da tramitación.

12.3. Documentación xustificativa a presentar:

A xustificación formalizarase nos anexos e documentación complementaria aos que se poderá acceder na sede electrónica municipal.

<https://sede.cee.gal/sxc/es/procedimientosytramites/index.html#subvenciones>

- **Anexo 5.** Solicitude de aboamento da subvención concedida.
- **Anexo 6.** Declaración doutras axudas 2024.
- **Anexo 7.** Orzamento de ingresos e gastos 2024.
- **Anexo 8.** Memoria de actividades 2024.
- **Anexo 9.** Relación clasificada de gastos presentados 2024.
- **Documentación complementaria:**



Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A
Coruña) CIF:
P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal www.cee.gal

- Certificado da conta bancaria da entidade.
- Certificados de estar ao corrente coa AEAT, ATRIGA, Seguridade Social e Concello de Cee (*éste último consultarase de oficio pola entidade local, non sendo precisa a súa presentación*).
- Facturas ou documentos orixinais polo importe concedido e xustificantes bancarios do seu pago. (*No caso de presentar os gastos de persoal como xustificantes será preciso xuntar: contrato en vigor, informe de vida laboral, nóminas e TC2 Seg. Social*).
- Acreditación do uso do logotipo do Concello de Cee en cartelería, web, redes sociais, outras.

13. Publicación.

A documentación relacionada con este procedemento de concesión de subvencións para as entidades culturais mediante concorrencia competitiva Concello de Cee 2024, publicarase no Taboleiro de anuncios municipal na sede electrónica municipal.

<https://sede.cee.gal/sxc/es/informacion/tablon>

Da documentación que se publique no Taboleiro de anuncios, realizarase así mesmo publicación, con carácter meramente informativo, na páxina web municipal: www.cee.gal

A data de publicación na Sede electrónica municipal será a determinante a efectos dos distintos cómputos de prazos de presentación de subsanacións, alegacións ou recursos.



ANEXO 1

SUBVENCIONS PARA EVENTOS E ACTIVIDADES CULTURAIS MEDIANTE LIBRE CONCORRENCIA COMPETITIVA CONCELLO DE CEE 2024	SOLICITUDE
---	-------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

Nome ou razón social:		
Nº CIF/NIF:	Correo electrónico a efectos de notificación telemática:	
Enderezo a efectos de notificación:		
Código postal:	Localidade:	Provincia:
Teléfonos:	Nº e ano de inscrición Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia: Nº:..... - Ano:.....	
	Nº Rexistro de Asociacións Municipal: Nº:.....	

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE DA ENTIDADE SOLICITANTE

Nome e apelidos:		
Nº DNI:	Correo electrónico:	
Enderezo:		
Código postal:	Localidade:	Provincia:
Teléfonos:	Cargo na entidade:	

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
2. A entidade está inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e no Rexistro de Asociacións Municipal, ten o domicilio social e desenvolve as súas actividades no Concello de Cee.
3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Que a entidade que represento reúne todos os requisitos das bases e extracto, e acepta o seu contido.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA: (Marcar cunha "X")

- Anexo 1.** Solicitude de subvención.
- Anexo 2.** Declaración indicando os eventos e actividades organizadas pola entidade.
- Anexo 3.** Declaración indicando a colaboración da entidade cos eventos organizados polo Concello de Cee.
- Anexo 4.** Declaración número de socios e monitores da entidade.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Sinatura:

En, de..... de.....de 2024.



ANEXO 2

SUBVENCIONS PARA EVENTOS E ACTIVIDADES CULTURAIS MEDIANTE LIBRE CONCORRENCIA COMPETITIVA CONCELLO DE CEE 2024	DECLARACIÓN ORGANIZACIÓN
---	---------------------------------

D/Dna....., en calidade de representante da entidade con nº de CIF/NIF

DECLARO:

ORGANIZACIÓN DE EVENTOS CULTURAIS PROPIOS				
Nº	EVEN TO	DATAS PERIODOS CELEBRACIÓN	DURACIÓN EN DÍAS (máximo 3 días)	NÚMERO DE EDICIONS
1				
2				
3				
4				
5				

ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS PROPIAS						
Nº	ACTIVIDADE	DATAS PERIODOS CELEBRACIÓN	DURACIÓN EN HORAS (mínimo 30 horas)	DURACIÓN EN DÍAS (mínimo 5 días)	Nº ALUMNOS	Nº PROFESOR OU MONITORES
1						
2						
3						
4						
5						



Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

E para que así conste, asino o presente no lugar e data abaixo indicados.

En, de.....de 2024.

Sinatura:



ANEXO 3

SUBVENCIONS PARA EVENTOS E ACTIVIDADES CULTURAIS MEDIANTE LIBRE CONCORRENCIA COMPETITIVA CONCELLO DE CEE 2024	DECLARACIÓN COLABORACIÓN
---	---------------------------------

D/Dna....., en calidade de representante da entidade con nº de CIF/NIF

DECLARO:

COLABORACIÓN NA ORGANIZACIÓN DE EVENTOS PROMOVIDOS POLO CONCELLO DE CEE			
Nº	EVENTO	DATAS/PERIODO CELEBRACIÓN	TIPO DE COLABORACIÓN
1			
2			
3			
4			
5			

E para que así conste, asino o presente no lugar e data abaixo indicados.

En, de..... de 2024.

Sinatura:



ANEXO 4

SUBVENCIÓNS PARA EVENTOS E ACTIVIDADES CULTURAIS MEDIANTE LIBRE CONCORRENCIA COMPETITIVA CONCELLO DE CEE 2024	DECLARACIÓN NÚMERO SOCIOS PROF/MONITORES
---	---

D/Dña....., en calidade de representante da entidade con nº de CIF/NIF

DECLARO:

1. Que o número de **socios** da entidade na data de hoxe,, é de

2. Que a nosa entidade conta cos seguintes **profesores/monitores**:

PROFESORES/MONITORES		
Nº	NOME E APELIDOS	MATERIA/DISCIPLINA

E para que así conste, asino o presente no lugar e data abaixo indicados.

En de..... de 2024.

Sinatura:



ANEXO 5

SUBVENCIONES PARA EVENTOS E ACTIVIDADES CULTURAIS MEDIANTE LIBRE CONCORRENCIA COMPETITIVA CONCELLO DE CEE 2024	SOLICITUDE ABOAMENTO
--	-----------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

Nome ou razón social:		
Nº CIF/NIF:	Correo electrónico a efectos de notificación telemática:	
Enderezo a efectos de notificación:		
Código postal:	Localidade:	Provincia:
Teléfonos:	Nº e ano de inscrición Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia: Nº:..... - Ano:.....	
	Nº Rexistro de Asociacións Municipal: Nº:.....	

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE DA ENTIDADE SOLICITANTE

Nome e apelidos:		
Nº DNI:	Correo electrónico:	
Enderezo:		
Código postal:	Localidade:	Provincia:
Teléfonos:	Cargo na entidade:	

SOLICITA o aboamento do importe.....€ correspondente á subvención concedida polo Concello de Cee, con cargo as subvencións para eventos e actividades culturais mediante concurrencia competitiva para o ano 2024.

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
2. No caso de que o gasto subvencionable que se xustifique sexa inferior ao importe concedido, fixado como límite o 50%, renunciámos expresamente ao importe non xustificado.
3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA: (Marcar cunha "X")

- Anexo 5.** Solicitude de aboamento da subvención concedida.
- Anexo 6.** Declaración doutras axudas 2024.
- Anexo 7.** Orzamento de ingresos e gastos 2024.
- Anexo 8.** Memoria de actividades 2024
- Anexo 9.** Relación clasificada de gastos 2024.
- Documentación complementaria:**
 - Certificado de conta bancaria da entidade.
 - Certificados de estar ao corrente coa AEAT, Seguridade Social, ATRIGA e Concello de Cee (*éste último consultarase de oficio pola entidade local, non sendo precisa a súa presentación*).
 - Facturas orixinais e xustificantes bancarios do pago das mesmas.
 - Acreditación do uso do logotipo do Concello de Cee, en cartelería, web, redes sociais e outras.



Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Sinatura:

En, de.....de 2024.



ANEXO 6

SUBVENCIÓNS PARA EVENTOS E ACTIVIDADES CULTURAIS MEDIANTE LIBRE CONCORRENCIA COMPETITIVA CONCELLO DE CEE 2024	DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS
---	---------------------------------------

D/Dña....., en calidade de representante da entidade con nº de CIF/NIF

DECLARO:

Que as axudas/subvencións que foron concedidas á entidade que represento no 2024 son:

ENTIDADE PÚBLICA OU PRIVADA CONCEDENTE	IMPORTE
TOTAL INGRESOS	

E para que así conste, asino a presente no lugar e data abaixo indicados.

En de..... de 2024.

Sinatura:

ANEXO 7

SUBVENCIÓNS PARA EVENTOS E ACTIVIDADES CULTURAIS MEDIANTE LIBRE CONCORRENCIA COMPETITIVA CONCELLO DE CEE 2024	ORZAMENTO 2024
---	-----------------------

D/Dña..... , en calidade de representante da entidade con nº de CIF/NIF

DECLARO:

Que o orzamento da entidade que represento ano 2024 é:

INGRESOS	IMPORTE
TOTAL INGRESOS	

GASTOS	IMPORTE
TOTAL GASTOS	

E para que así conste, asino a presente no lugar e data abaixo indicados.

En, de..... de 2024.

Sinatura:



ANEXO 8

SUBVENCIONS PARA EVENTOS E ACTIVIDADES CULTURALS MEDIANTE LIBRE CONCORRENCIA COMPETITIVA CONCELLO DE CEE 2024	MEMORIA ACTIVIDADES 2024
---	---------------------------------

D/Dna....., en calidade de representante da entidade con nº de CIF/NIF

DECLARO:

Que a entidade que represento realizou os seguintes eventos e actividades no 2024:

E para que así conste, asino a presente no lugar e data abaixo indicados.

En de..... de..... de 2024.

Sinatura:

ANEXO 9

SUBVENCIONS PARA EVENTOS E ACTIVIDADES CULTURAIS MEDIANTE LIBRE CONCORRENCIA COMPETITIVA CONCELLO DE CEE 2024	RELACION CLASIFICADA GASTOS
---	------------------------------------

D/Dna., en calidade de representante da entidade
 con nº de CIF/NIF

DECLARO:

Que a relación dos gastos presentados para xustificar a subvención concedida polo Concello de Cee no 2024 é:

Nº FACTURA	DATA EMISION	PROVEEDOR (indicar CIF/NIF)	CONCEPTO	DATA PAGO	IMPORTE

Nº FACTURA	DATA EMISIÓN	PROVEEDOR (indicar CIF/NIF)	CONCEPTO	DATA PAGO	IMPORTE
				TOTAL	

E para que así conste, asino a presente no lugar e data abaixo indicados.

En, de..... de 2024.

Sinatura: